FAMILIA PROFESIONAL

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

ELECTRICIDADE
E ELECTRÓNICA
2026 - 2027



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FP | FORMACIÓN PROFESIONAL

ELEC
IDADE E
TRÓNICA



LENDA

PFB	Programa formativo básico
CB	Ciclo formativo de grao básico
CM	Ciclo formativo de grao medio
CS	Ciclo formativo de grao superior
AB	Formación acelerada básica
AM	Formación acelerada media
AS	Formación acelerada media
EM	Curso de especialización de grao medio
ES	Curso de especialización de grao superior
O	Oferta ordinaria presencial
O	Oferta ordinaria a distancia
P	Oferta modular presencial
D	Oferta modular a distancia
I	Oferta réxime dual intensivo

CB | Electricidade e electrónica

Que se aprende a facer?

Realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en empresas de montaxe e mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais, con supervisión de nivel superior e baixo a regulación do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e da Normativa das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

Que ocupacións se desempeñan?

Operario/a de instalacións eléctricas de baixa tensión | axudante/a de montador/a de antenas receptoras de televisión e satélites | axudante/a de instalador/a e reparador/a de equipamentos telefónicos e telegráficos | axudante/a de instalador/a de equipamentos e sistemas de comunicación | axudante/a de instalador/a reparador/a de instalacións telefónicas | peón/peoa da industria de produción e distribución de enerxía eléctrica | axudante/a de montador/a de sistemas microinformáticos | operador/a de ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos | auxiliar de mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos | probador/a axustador/a de placas e equipamentos eléctricos e electrónicos | montador/a de compoñentes en placas de circuíto impreso.

Que título se obtén?

Título de Técnico básico en Electricidade e electrónica.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	AM3163	Ciencias aplicadas I	146
1º	AM3161	Comunicación e ciencias sociais I	175
1º	MP3015	Equipamentos eléctricos e electrónicos	233
1º	MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	296
1º	MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade	60
2º	AM3164	Ciencias aplicadas II	146
2º	AM3162	Comunicación e ciencias sociais II	125
2º	MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	367
2º	MP3014	Instalacións de telecomunicacións	367
2º	MP3160	Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa	25

CB | Electricidade e electrónica

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	UC0816_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios
MP3014	Instalacións de telecomunicacións	UC0817_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións
MP3015	Equipamentos eléctricos e electrónicos	UC1559_1	Realizar operacións de ensamblaxe na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos
		UC1560_1	Realizar operacións de conexión na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos
		UC1561_1	Realizar operacións auxiliares no mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos
MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	UC1207_1	Realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0816_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios	MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas
UC0817_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións	MP3014	Instalacións de telecomunicacións
UC1559_1	Realizar operacións de ensamblaxe na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos	MP3015	Equipamentos eléctricos e electrónicos
UC1560_1	Realizar operacións de conexión na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos		
UC1561_1	Realizar operacións auxiliares no mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos		
UC1207_1	Realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos	MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos

CB | Instalacións electrotécnicas e mecánica

Que se aprende a facer?

Realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios, así como operacións básicas de fabricación e montaxe para fabricación mecánica, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en grandes, medianas e pequenas empresas dedicadas á fabricación e á montaxe de produtos mecánicos e electromecánicos, así como á montaxe e ao mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas e locais comerciais e industriais, baixo a supervisión de persoal de nivel superior. A actividade está regulada polo Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e pola Normativa das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

Que ocupacións se desempeñan?

Operario/a de instalacións eléctricas de baixa tensión|axudante/a de montador/a de antenas receptoras de radio, televisión terrestre e televisión por satélite|axudante/a de instalador/a e reparador/a de equipamentos telefónicos e telegráficos|de instalacións telefónicas|axudante/a de instalador/a de equipamentos e sistemas de comunicación|peón/peoa da industria de produción e distribución de enerxía eléctrica|de industrias manufactureiras|auxiliares de procesos automatizados.

Que título se obtén?

Título de Técnico básico en Instalacións electrotécnicas e mecánica.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3022	Carpintaría de aluminio e PVC	175
1º	AM3163	Ciencias aplicadas I	146
1º	AM3161	Comunicación e ciencias sociais I	175
1º	MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade	60
1º	MP3020	Operacións básicas de fabricación	179
1º	MP3021	Soldadura e carpintaría metálica	175
2º	AM3164	Ciencias aplicadas II	146
2º	AM3162	Comunicación e ciencias sociais II	125
2º	MP3014	Instalacións de telecomunicacións	408
2º	MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	326
2º	MP3160	Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa	25

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	UC0816_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios
MP3014	Instalacións de telecomunicacións	UC0817_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións
MP3020	Operacións básicas de fabricación	UC0087_1	Realizar operacións básicas de fabricación
MP3021	Soldadura e carpintaría metálica	UC0088_1	Realizar operacións básicas de montaxe
MP3022	Carpintaría de aluminio e PVC		

CB | Instalacións electrotécnicas e mecánica

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0816_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios	MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas
UC0817_1	Realizar operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións	MP3014	Instalacións de telecomunicacións
UC0087_1	Realizar operacións básicas de fabricación	MP3020	Operacións básicas de fabricación
UC0088_1	Realizar operacións básicas de montaxe	MP3021	Soldadura e carpintaría metálica
		MP3022	Carpintaría de aluminio e PVC

CM | Instalacións de telecomunicacións

Que se aprende a facer?

Montar e manter instalacións de telecomunicacións e audiovisuais, instalacións de radiocomunicacións e instalacións domóticas, de acordo coa normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, de xeito que se asegure a súa funcionalidade e o respecto ambiental.

En que ámbitos se traballa?

En microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación, instalacións de circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica, centrais telefónicas e infraestruturas de redes de voz e datos, sonorización e megafonía, instalacións de radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

Que ocupacións se desempeñan?

Instalador/a de telecomunicacións en edificios de vivendas | instalador/a de antenas | instalador/a de sistemas de seguridade | técnico/a en redes locais e telemática | técnico/a en instalación e mantemento de redes locais | instalador/a de telefonía | instalador/a montador/a de equipamentos telefónicos e telemáticos | técnico/a en instalacións de son | instalador/a de megafonía | instalador/a mantedor/a de sistemas domóticos | técnico/a instalador/a mantedor/a de equipamentos informáticos e técnico/a en montaxe e mantemento de sistemas de radiodifusión.

Que título se obtén?

Título de Técnico en Instalacións de telecomunicacións.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0359	Electrónica aplicada	235
1º	MP0360	Equipamentos microinformáticos	133
1º	MP0156	Inglés profesional	60
1º	MP0363	Instalacións de megafonía e sonorización	160
1º	MP0365	Instalacións de radiocomunicacións	78
1º	MP0362	Instalacións eléctricas básicas	157
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0003	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0364	Circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica	191
2º	MP1664	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0001	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	191
2º	MP0361	Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía	246
2º	MP0238	Instalacións domóticas	192
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP1713	Proxecto intermodular	50

Nota*: Módulos optativos

CM | Instalacións de telecomunicacións

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	UC0120_2	Montar e manter instalacións destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios
		UC0121_2	Montar e manter instalacións destinadas ao acceso a servizos de telefonía e banda larga en edificios
MP0361	Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía	UC0599_2	Montar e manter sistemas de telefonía con centrais de baixa capacidade
		UC0600_2	Montar e manter infraestruturas de redes locais de datos
MP0363	Instalacións de megafonía e sonorización	UC0597_2	Montar e manter instalacións de megafonía e sonorización de locais
MP0364	Circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica	UC0598_2	Montar e manter instalacións de circuíto pechado de televisión

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0120_2	Montar e manter instalacións destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios
UC0121_2	Montar e manter instalacións destinadas ao acceso a servizos de telefonía e banda larga en edificios		
UC0599_2	Montar e manter sistemas de telefonía con centrais de baixa capacidade	MP0361	Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía
UC0600_2	Montar e manter infraestruturas de redes locais de datos		
UC0597_2	Montar e manter instalacións de megafonía e sonorización de locais	MP0363	Instalacións de megafonía e sonorización
UC0598_2	Montar e manter instalacións de circuíto pechado de televisión	MP0364	Circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica

CM | Instalacións eléctricas e automáticas

Que se aprende a facer?

Montar e manter infraestruturas de telecomunicación en edificios, instalacións eléctricas de baixa tensión, máquinas eléctricas e sistemas automatizados, conforme a normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo medio.

En que ámbitos se traballa?

En pequenas e medianas empresas, nomeadamente privadas, dedicadas á montaxe e ao mantemento de infraestruturas de telecomunicación en edificios, máquinas eléctricas, sistemas automatizados, instalacións eléctricas de baixa tensión e sistemas domóticos, tanto por conta propia como por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan?

Instalador/a mantedor/a electricista|electricista de construción|electricista industrial|electricista de mantemento|instalador/a mantedor/a de sistemas domóticos|instalador/a mantedor/a de antenas|instalador/a de telecomunicacións en edificios de vivendas|instalador/a mantedor/a de equipamentos e instalacións de telefonía|montador/a de instalacións de enerxía solar fotovoltaica.

Que título se obtén?

Título de Técnico en Instalacións eléctricas e automáticas.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0232	Automatismos industriais	213
1º	MP0233	Electrónica	79
1º	MP0234	Electrotecnia	183
1º	MP0156	Inglés profesional	60
1º	MP0235	Instalacións eléctricas interiores	288
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0003	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1664	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0001	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	191
2º	MP0236	Instalacións de distribución	191
2º	MP0238	Instalacións domóticas	192
2º	MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas	82
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0240	Máquinas eléctricas	164
2º	MP1713	Proxecto intermodular	50

Nota*: Módulos optativos

CM | Instalacións eléctricas e automáticas

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0232 MP0238	Automatismos industriais Instalacións domóticas	UC2343_2	Montar e manter instalacións automatizadas en vivendas, locais comerciais e pequena industria
MP0235	Instalacións eléctricas interiores	UC2342_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión destinadas a piscinas, quirófanos, usos agrícolas, recarga de vehículos eléctricos ou outras con fins especiais
		UC2341_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados a vivendas, pública concorrencia, industrias ou locais de características especiais
MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	UC0120_2	Montar e manter instalacións destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios
		UC0121_2	Montar e manter instalacións destinadas ao acceso a servizos de telefonía e banda larga en edificios
MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas	UC0836_2	Montar instalacións solares fotovoltaicas
		UC0837_2	Manter instalacións solares fotovoltaicas
MP0240	Máquinas eléctricas	UC2345_2	Montar e manter máquinas eléctricas e outros dispositivos destinados á alimentación de instalacións receptoras de baixa tensión
		UC2344_2	Montar e manter receptores de alumamento interior, dispositivos radiantes ou de caldeamento e equipamentos dedicados á mellora da calidade e da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de baixa tensión
MP0236	Instalacións de distribución	UC2340_2	Montar e manter redes eléctricas de distribución en baixa tensión e instalacións de alumamento exterior

CM | Instalacións eléctricas e automáticas

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC2343_2	Montar e manter instalacións automatizadas en vivendas, locais comerciais e pequena industria	MP0232 MP0238	Automatismos industriais Instalacións domóticas
UC2345_2	Montar e manter máquinas eléctricas e outros dispositivos destinados á alimentación de instalacións receptoras de baixa tensión	MP0240	Máquinas eléctricas
UC2344_2	Montar e manter receptores de alumamento interior, dispositivos radiantes ou de caldeamento e equipamentos dedicados á mellora da calidade e da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de baixa tensión		
UC2341_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados a vivendas, pública concorrencia, industrias ou locais de características especiais	MP0235	Instalacións eléctricas interiores
UC2342_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión destinadas a piscinas, quirófanos, usos agrícolas, recarga de vehículos eléctricos ou outras con fins especiais		
UC2340_2	Montar e manter redes eléctricas de distribución en baixa tensión e instalacións de alumamento exterior	MP0236	Instalacións de distribución
UC0836_2	Montar instalacións solares fotovoltaicas	MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas
UC0837_2	Manter instalacións solares fotovoltaicas		
UC0120_2	Montar e manter instalacións destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios
UC0121_2	Montar e manter instalacións destinadas ao acceso a servizos de telefonía e banda larga en edificios		

CS | Automatización e robótica industrial

Que se aprende a facer?

Desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade, protección ambiental e deseño universal.

En que ámbitos se traballa?

Exércese a actividade profesional en empresas públicas e privadas relacionadas cos sistemas automáticos industriais, nas áreas de deseño, montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial.

Que ocupacións se desempeñan?

Xefe/a de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización industrial|xefe/a de equipo de supervisión de mantemento de sistemas de automatización industrial|verificador/a de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos|xefe/a de equipo en taller electromecánico|técnico/a en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial|técnico/a de posta en marcha de sistemas de automatización industrial|proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial|proxectista de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial|proxectista de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial|programador/a, controlador/a de robots industriais|técnico/a en deseño de sistemas de control eléctrico|deseñador/a de circuítos e sistemas integrados en automatización industrial.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Automatización e robótica industrial.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0963	Documentación técnica	78
1º	MP0964	Informática industrial	78
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0961	Sistemas de medida e regulación	133
1º	MP0962	Sistemas de potencia	154
1º	MP0959	Sistemas eléctricos, pneumáticos e hidráulicos	160
1º	MP0960	Sistemas secuenciais programables	160
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0967	Comunicacións industriais	246
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP0968	Integración de sistemas de automatización industrial	246
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0969	Proxecto intermodular de automatización e robótica industrial	50
2º	MP0966	Robótica industrial	137
2º	MP0965	Sistemas programables avanzados	191

Nota*: Módulos optativos

CS | Automatización e robótica industrial

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0959	Sistemas eléctricos, pneumáticos e hidráulicos	UC1568_3	Desenvolver proxectos de sistemas de control para procesos secuenciais en sistemas de automatización industrial
MP0960	Sistemas secuenciais programables		
MP0963	Documentación técnica		
MP0961	Sistemas de medida e regulación	UC1569_3	Desenvolver proxectos de sistemas de medida e regulación en sistemas de automatización industrial
MP0963	Documentación técnica		
MP0965	Sistemas programables avanzados		
MP0962	Sistemas de potencia	UC1575_3	Xestionar e supervisar os procesos de montaxe de sistemas de automatización industrial
MP0966	Robótica industrial	UC1576_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de sistemas de automatización industrial
MP0968	Integración de sistemas de automatización industrial	UC1577_3	Supervisar e realizar a posta en marcha de sistemas de automatización industrial
MP0963	Documentación técnica	UC1570_3	Desenvolver proxectos de redes de comunicación en sistemas de automatización industrial
MP0967	Comunicacións industriais		

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1568_3	Desenvolver proxectos de sistemas de control para procesos secuenciais en sistemas de automatización industrial	MP0959	Sistemas eléctricos, pneumáticos e hidráulicos
		MP0960	Sistemas secuenciais programables
UC1569_3	Desenvolver proxectos de sistemas de medida e regulación en sistemas de automatización industrial	MP0961	Sistemas de medida e regulación
		MP0965	Sistemas programables avanzados
UC1575_3	Xestionar e supervisar os procesos de montaxe de sistemas de automatización industrial	MP0962	Sistemas de potencia
UC1576_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de sistemas de automatización industrial	MP0966	Robótica industrial
UC1577_3	Supervisar e realizar a posta en marcha de sistemas de automatización industrial	MP0968	Integración de sistemas de automatización industrial
UC1570_3	Desenvolver proxectos de redes de comunicación en sistemas de automatización industrial	MP0967	Comunicacións industriais

CS | Mantemento electrónico

Que se aprende a facer?

Manter e reparar equipamentos e sistemas electrónicos, profesionais, industriais e de consumo, así como planificar e organizar os procesos de mantemento, con criterios de calidade, aplicando a normativa e os plans de prevención de riscos laborais e ambientais.

En que ámbitos se traballa?

Empresas do sector servizos, tanto privadas como públicas, dedicadas ao mantemento e a reparación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións, sistemas microprocesados,redes de banda larga, telemática e radiocomunicacións, así como equipamentos industriais e profesionais de son e vídeo, por conta propia ou allea.

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas de radio e televisión e sistemas de produción audiovisual|técnico/a en reparación e mantemento de sistemas de radio e televisión, e sistemas de produción audiovisual|técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas de radiodifusión|técnico/a en reparación e mantemento de sistemas de radiodifusión|técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas domóticos, inmóticos e de seguridade electrónica|técnico/a en reparación e mantemento de sistemas domóticos, inmóticos e de seguridade electrónica|técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de redes locais e sistemas telemáticos|técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos de redes locais e sistemas telemáticos|técnico/a en supervisión, verificación e control de sistemas de radioenlaces|técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos profesionais de son|técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos profesionais de vídeo|técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos industriais.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Mantemento electrónico.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1051	Circuitos electrónicos analóxicos	209
1º	MP1052	Equipamentos microprogramables	236
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial	160
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP1058	Técnicas e procesos de montaxe e mantemento de equipamentos electrónicos	158
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1059	Infraestruturas e desenvolvemento do mantemento electrónico	110
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP1056	Mantemento de equipamentos de audio	164
2º	MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións	191
2º	MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo	164
2º	MP1054	Mantemento de equipamentos de voz e datos	191
2º	MP1060	Proxecto intermodular de mantemento electrónico	50

Nota*: Módulos optativos

CS | Mantemento electrónico

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP1052	Equipamentos microprogramables	UC1823_3	Manter os equipamentos con circuítos de electrónica dixital microprogramable
MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións	UC1572_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de estacións base de telefonía
MP1054	Mantemento de equipamentos de voz e datos	UC1574_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento dos sistemas de telecomunicación da rede telefónica
		UC1824_3	Manter os equipamentos de telecomunicación
MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial	UC1825_3	Manter os equipamentos electrónicos de potencia e control
MP1056	Mantemento de equipamentos de audio	UC1826_3	Manter os equipamentos de imaxe e son
MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo		

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1823_3	Manter os equipamentos con circuítos de electrónica dixital microprogramable	MP1052	Equipamentos microprogramables
UC1824_3	Manter os equipamentos de telecomunicación	MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións
UC1572_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de estacións base de telefonía	MP1054	Mantemento de equipamentos de voz e datos
UC1574_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento dos sistemas de telecomunicación da rede telefónica		
UC1825_3	Manter os equipamentos electrónicos de potencia e control	MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial
UC1826_3	Manter os equipamentos de imaxe e son	MP1056	Mantemento de equipamentos de audio
		MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo

CS | Sistemas de telecomunicacións e informáticos

Que se aprende a facer?

Desenvolver proxectos, así como xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento das infraestruturas comúns de telecomunicacións e de sistemas e equipamentos de telecomunicacións tales como redes de banda larga e de radiocomunicacións fixas e móbiles, sistemas telemáticos, de produción audiovisual e de transmisión, a partir da documentación técnica, da normativa e dos procedementos establecidos, asegurando o funcionamento, a calidade, a seguridade e a conservación ambiental.

En que ámbitos se traballa?

Empresas públicas e privadas do sector de servizos dedicadas ás telecomunicacións, a integración de sistemas, redes de banda larga, telemática e medios audiovisuais, como persoal desenvolvedor de proxectos, integrador de sistemas e supervisor da montaxe e o mantemento das instalacións e infraestruturas, tanto por conta propia como por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan?

Axudante/a de proxectista, supervisor/a da montaxe en instalacións de telecomunicacións para vivendas e edificios | técnico/a en verificación e control de equipamentos e instalacións de telecomunicacións, en supervisión, instalación, verificación e control de equipamentos de sistemas de radio e televisión en estudios de produción e sistemas de produción audiovisual, en supervisión, instalación, mantemento, verificación e control de equipamentos de sistemas de radiodifusión, en sistemas de seguridade electrónica e circuítos pechados de televisión, en redes locais e sistemas telemáticos, en sistemas de radioenlaces | especialista en integración, instalación e mantemento de equipamentos e sistemas informáticos e de sistemas de telecomunicación | xefe/a de obra en instalacións de telecomunicacións.

Que título se obtén? | Título de Técnico superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0525	Configuración de infraestruturas de sistemas de telecomunicacións	78
1º	MP0551	Elementos de sistemas de telecomunicacións	209
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0713	Sistemas de telefonía fixa e móbil	103
1º	MP0552	Sistemas informáticos e redes locais	213
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP0553	Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións	160
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0558	Proxecto intermodular de sistemas de telecomunicacións e informáticos	50
2º	MP0555	Redes telemáticas	164
2º	MP0554	Sistemas de produción audiovisual	246
2º	MP0556	Sistemas de radiocomunicacións	137
2º	MP0557	Sistemas integrados e fogar dixital	164
2º	MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións	109

Nota*: Módulos optativos

CS | Sistemas de telecomunicacións e informáticos

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0525	Configuración de infraestruturas de sistemas de telecomunicacións	UC0826_3	Desenvolver proxectos de instalacións de telecomunicación destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radio e televisión en edificacións
MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións	UC0827_3	Desenvolver proxectos de instalacións de telecomunicación destinadas aos servizos de telefonía e banda larga en edificacións
		UC0828_3	Desenvolver proxectos de instalacións de redes destinadas a xestión, control, seguridade e comunicación interior no ámbito da infraestrutura de telecomunicacións en edificacións ou outras redes de área local
MP0552	Sistemas informáticos e redes locais	UC1185_3	Supervisar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios
MP0553	Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións	UC1187_3	Supervisar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios
MP0713	Sistemas de telefonía fixa e móbil		
MP0554	Sistemas de produción audiovisual	UC1578_3	Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de produción audiovisual en estudios e unidades móbiles
		UC1579_3	Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de produción audiovisual en estudios e unidades móbiles
MP0556	Sistemas de radiocomunicacións	UC1580_3	Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles
		UC1581_3	Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles
MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións	UC1184_3	Organizar e xestionar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios
		UC1186_3	Organizar e xestionar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios

CS | Sistemas de telecomunicacións e informáticos

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0826_3	Desenvolver proxectos de instalacións de telecomunicación destinadas á captación, a adaptación e a distribución de sinais de radio e televisión en edificacións	MP0525	Configuración de infraestruturas de sistemas de telecomunicacións
UC0827_3	Desenvolver proxectos de instalacións de telecomunicación destinadas aos servizos de telefonía e banda larga en edificacións	MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións
UC0828_3	Desenvolver proxectos de instalacións de redes destinadas a xestión, control, seguridade e comunicación interior no ámbito da infraestrutura de telecomunicacións en edificacións ou outras redes de área local		
UC1185_3	Supervisar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios	MP0552	Sistemas informáticos e redes locais
UC1187_3	Supervisar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios	MP0553	Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións
		MP0713	Sistemas de telefonía fixa e móbil
UC1578_3	Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de produción audiovisual en estudios e unidades móbiles	MP0554	Sistemas de produción audiovisual
UC1579_3	Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de produción audiovisual en estudios e unidades móbiles		
UC1580_3	Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles	MP0556	Sistemas de radiocomunicacións
UC1581_3	Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles		
UC1184_3	Organizar e xestionar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios	MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións
UC1186_3	Organizar e xestionar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios		

CS | Sistemas electrotécnicos e automatizados

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en desenvolver proxectos e en xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento de instalacións electrotécnicas no ámbito do Regulamento Orgánico para Baixa Tensión (REBT). Tamén consiste en supervisar o mantemento de instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, a partir da documentación técnica, especificacións, normativa e procedementos establecidos, asegurando o funcionamento, a calidade, a seguridade, e a conservación ambiental.

En que ámbitos se traballa?

Este profesional exerce a súa actividade en empresas|maioritariamente privadas|dedicadas ao desenvolvemento de proxectos|á xestión e á supervisión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios e con fins especiais|á instalación de sistemas domóticos e inmóticos|a infraestruturas de telecomunicación en edificios|a redes eléctricas de baixa e a sistemas automatizados|tanto por conta propia como por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a en proxectos electrotécnicos|proxectista electrotécnico/a|proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios|proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para locais especiais|proxectista de instalacións de iluminación exterior|proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media tensión e centros de transformación|proxectista en instalacións de antenas e de telefonía para vivendas e edificios|coordinador/a técnico/a de instalacións electrotécnicas de baixa tensión para os edificios|técnico/a de supervisión, verificación e control de equipamentos e instalacións electrotécnicas e automatizadas|técnico/a supervisor/a de instalacións de iluminación exterior|capataz de obras en instalacións electrotécnicas|xefe/a de equipo de instalación de baixa tensión para edificios|coordinador técnico de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior|técnico/a en supervisión, verificación e control de equipamentos en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior|capataz de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior|encargado/a de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior|xefe/a de equipo de instalación en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior|xestor/a do mantemento de instalacións eléctricas de distribución e iluminación exterior.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Sistemas electrotécnicos e automatizados.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0517	Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	158
1º	MP0520	Sistemas e circuítos eléctricos	184
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP0521	Técnicas e procesos en instalacións domóticas e automáticas	213
1º	MP0518	Técnicas e procesos en instalacións eléctricas	208
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0523	Configuración de instalacións domóticas e automáticas	191
2º	MP0524	Configuración de instalacións eléctricas	191
2º	MP0522	Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación	191
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MP0519	Documentación técnica en instalacións eléctricas	138
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0526	Proxecto intermodular de sistemas electrotécnicos e automatizados	50
2º	MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	109

Nota*: Módulos optativos

CS | Sistemas electrotécnicos e automatizados

Que unidades de competencia se acreditan?

